

## PLAY OFF ASCENSO A DIVISIÓN DE HONRA TEMPADA 19/20

Comunícase que os seguintes equipos fixeron chegar fora de prazo a súa a renuncia á participación nos Play Off que dan dereito a xogar nas categorías de División de Honra:

- **Balonmano Reconquista de Vigo** en categorías cadete masculina e xuvenil masculina.
- **Balonmán Galicia Social** en categoría cadete feminina.
- **SD Octavio Vigo** en categoría infantil masculina, en cadete masculina e xuvenil masculina.

Ao producirse fora de prazo e adulterar notablemente a competición, estas renunciadas serán trasladadas ao Comité de Competición da Federación Galega de Balonmán para que resolva en función da normativa vixente. Aclarase tamén que a Federación Galega de Balonmán será inflexible coas incomparecencias a calquera dos encontros dos Play Off.

Debido a estas baixas, os grupos que queden con dous equipos disputarán o Play Off en sistema de ida e volta (dobre partido), mentres que os grupos que queden con tres equipos respetarán o calendario marcado agás os encontros nos que estaba prevista a participación do equipo que finalmente non xogará.

### **NON OBRIGATORIEDADE DE BALÓN OFICIAL NOS PLAY OFF**

Aproveitase a ocasión para informar de que nos Play Off non será obrigatorio o uso do balón oficial da tempada 19/20, o balón hummel será de uso obrigatorio a partir da segunda xornada de liga (28/09/2019), deste xeito asegurámonos de que todos os clubs teñan oportunidade de recepcionar os seus pedidos.

### DNI E SEGURO DEPORTIVO

Todas/os as/os deportistas para xogar os play off de ascenso a división de honra deberán ter dado de alta o seguro deportivo obrigatorio e presentar o seu DNI en cada un dos encontros.

### ASCENSOS

Os equipos que terá dereito ao ascenso á división de honra en cada unha das categorías serán os seguintes:

PLAY OFF INF. MASCULINA	1º Clasificado de cada grupo.
PLAY OFF INF. FEMININA	1º e 2º Clasificado de cada grupo.
PLAY OFF CAD. MASCULINA	1º Clasificado de cada grupo e o mellor 2º.
PLAY OFF CAD. FEMININA	1º, 2º, e 3º clasificado de cada grupo.
PLAY OFF XUV. MASCULINA	1º Clasificado de cada grupo e os dous mellores 2º.

### CRITERIOS DE DESEMPATE

En Vigo a 10 de setembro de 2019.

